

AVALIACIÓN FINAL PROXECTO:  
“O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de  
participación”

*Fáisca Consultora*



## CONTIDO

CONTIDO .....	1
RESUMEN EXECUTIVO .....	2
INTRODUCCIÓN .....	4
OBXECTIVOS .....	8
CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA ANÁLISE .....	9
VARIABLES DE ANÁLISE .....	12
CONCLUSIÓNS – RECOMENDACIÓNS.....	28
BIBLIOGRAFÍA.....	30

## RESUMEN EXECUTIVO

2

O presente documento sintetiza o proceso de recollida, procesamento, análise e interpretación da información desenvolvido no marco da **avaliación final do Proxecto: “O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de participación” de Solidariedade Internacional de Galicia**, aprobado para financiación pola Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE na convocatoria de proxecto de Educación para Desenvolvemento e a Cidadanía Global do ano 2023.

O estudo, delimitado a Comunidade Autónoma de Galicia, desenvolveuse co emprego de técnicas cualitativas e cuantitativas e alimentouse con informacións obtidas de fontes primarias e secundarias documentais.

A poboación estudada estivo representada por: 24 das 92 persoas participantes no VI Encontro de O Globo; 5 persoas do profesorado das 8 persoas que realizaron microexperiencias co alumnado; e 13 persoas das 15 persoas que participaron na formación homologada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través do CAFI; 11 persoas das 23 que participaron na formación que participaron na enquisa de formación a colectivos “Activismos e participación social” facilitada por Haydeé Castillo.

Nun primeiro avance da información respecto ás variables estudadas, preséntanse os seguintes resultados:

1. **Considérase que a pertinencia é MOI ALTA, xa que ambas formacións están moi ben valoradas.** É un feito que cada ano se mellora a formación de profesorado, O que tamén pasa coas formacións de Haydeé Castillo, destacando que esta última (“Activismo e participación social”) é a mellor valorada de todas as formacións impartidas en O GLOBO COMO ESPAZO DE FORMACIÓN.
2. Con respecto á **eficacia é ALTA**: os indicadores están cualitativamente e cuantitativamente cumpridos na súa maioría, salvo excepcións, e é importantes subliñar

que algúns deles sobrepasaron cuantitativamente o esperado (é dicir, o formulado no proxecto).



3. **O impacto conseguido é ALTO**, aínda que nesta ocasión para a valoración global, en contraposición con ano anteriores, **tívose en conta o cumprimento dos indicadores dos Resultados para facer a media do impacto, que podería chegar a valorarse como MOI ALTO, se temos en conta os indicadores exclusivamente do Obxectivo Específico.**
4. A **eficiencia valórase como ALTA**. É importante sinalar que todas as actividades foron realizadas no período de duración inicialmente planificado do proxecto (Agosto 2023 – Novembro 2024), salvo a reunión do Prisma (Decembro 2024), tal e como aparece reflectido no apartado de desenvolvemento de actividades do informe.
5. No tocante á **viabilidade e sustentabilidade, considérase ALTA**, xa que existen fondos para continuar co proxecto no ano 2024-2025, aínda que existe esa dependencia externa dos fondos. Os tres espazos de O GLOBO (observatorio, escola e espazo de participación) están deseñados para que as accións que se leven a cabo nun ano en concreto teñan permanencia no tempo.
6. Para rematar, trátase dun proxecto sobre participación, que fomenta a participación, se basea na participación e é participado, polo que a variable de avaliación **“participación” é sinalada como MOI ALTA.**

A continuación, desenvólvese a análise destes datos e se completa coas informacións relativas aos criterios de valoración da cada unha das variables.

## INTRODUCCIÓN

A presente proposta, “**O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de participación**”, da continuidade a unha importante aposta institucional iniciada por SIG no ano 2017 para a promoción da participación social, esforzo que se concreta na ferramenta coñecida coma O Globo. A proposta centra os seus esforzos na promoción e proxección desta ferramenta para consolidala como referente galego na promoción dunha Cidadanía Global que atopa na participación social (con perspectiva glocal) a súa máxima expresión.

O Globo xira en torno ás denominadas “**microexperiencias de transformación social**”. Iniciativas sociais que contan con 4 características esenciais: transformadoras, colectivas, horizontais e replicables, e que se organizan segundo a tríade: luces (investigar), cámara (analizar criticamente) e acción (actuar), que pretenden contribuír a consecución da Axenda 2030, a través das diferentes temáticas que abordan.

A partir destes elementos, a presente proposta desenvólvese con profesorado de **centros educativos galegos e colectivos galegos e do Sur Global**, así como persoas individuais interesadas na abordaxe da participación. Faise abordando a ECG en xeral e a participación en particular a través da ferramenta O Globo, concibida á vez como **observatorio, escola e espazo de participación** (que coinciden cos resultados fixados para este proxecto). Así:

- **Globo coma observatorio.** Pretende a visibilización de microexperiencias de transformación social. Para iso realízanse itinerarios de acompañamento a profesorado e colectivos sociais para identificar, promover, documentar e visibilizar as súas iniciativas.
- **Globo coma escola.** Pretende facilitar coñecementos e ferramentas metodolóxicas de participación social dende a perspectiva da ECG. Para iso, e atendendo aos distintos públicos, realízase unha formación dirixida ao profesorado participante co título “O Globo; observatorio para educar na cidadanía global” homologada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade, e outra, dirixida aos colectivos sociais e persoas interesadas, con representantes do Norte e do Sur, no que afondar con calidade e


excelencia conceptos teóricos e prácticos chave. Así mesmo, consta tamén dunha busca e compilación de estudos, documentos e materiais que sexan ferramentas para exercer a participación social con perspectiva de ECG.

- **Globo coma espazo.** Pretende o exercicio da cidadanía global a través da xestión dos espazos de participación social de O Globo que afondan en intereses e modelos de participación diferentes e adaptados aos novos modelos de participación, como son os Encontros de O Globo e o Prisma.

Todo este traballo está complementado co que concibimos como un cuarto resultado orientado á difusión e comunicación de O Globo, proxectando a ferramenta entre a sociedade galega como útil para a promoción da participación dende o paradigma da ECG, a incidencia política e social. Para isto SIG fai uso das ferramentas coas que xa hoxe conta: web e RRSS de O Globo, coas que traballa dende o Plan de Comunicación; así coma daqueles espazos galegos, nacionais e internacionais vinculados a novas pedagogías nos que tratan de incorporar noticias e publicacións sobre O Globo.

**Esta proposta conta coa seguinte estrutura sistémica:**





A este respecto, enténdese como avaliación “unha apreciación, tan sistemática e obxectiva como sexa posible, sobre un proxecto en curso ou acabado, un programa ou un conxunto de liñas de acción, a súa concepción, a súa realización e os seus resultados. Ademais de determinar a pertinencia dos obxectivos e o seu grao de realización, a eficiencia en canto ao desenvolvemento, a eficacia, o impacto e a viabilidade, proporcionando unhas informacións cribles e útiles, que permitan integrar os ensinos sacados nos mecanismos de elaboración das decisións”<sup>1</sup>. Esta considérase fundamental para mellorar a planificación, fortalecer as capacidades das entidades involucradas na xestión das intervencións e facilitar a participación e concertación entre todos os actores implicados.

Tomando en consideración esta importancia, Solidariedade Internacional de Galicia, solicitou o deseño metodolóxico dunha avaliación ex-post mixta, así como a elaboración do correspondente traballo de gabinete, xunto coa entrega dun documento final onde se recollan todas estas apreciacións.

<sup>1</sup> Definición de Avaliación segundo: CAD, 1995a, p. 178.



O presente documento inclúe os obxectivos do estudo, así coma as características principais da análise (enfoque, variables, metodoloxía). Ademais dos resultados do traballo de gabinete, rematando coas conclusións ás que chega a equipa consultora, e a formulación de recomendacións con vistas futuras intervencións.





## OBXECTIVOS

### OBXECTIVO XERAL

- Avaliar de maneira criterial o Proxecto “**O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de participación**”, centrándose no axuste tanto nas necesidades coma no impacto conseguido e na eficacia dos procesos desenvolvidos para chegar aos resultados acadados, sen esquecer a eficiencia e viabilidade, e tendo en conta a variable de participación.

### OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

- ✓ Avaliar a adecuación da intervención ao contexto (PERTINENCIA).
- ✓ Avaliar a asignación óptima dos recursos do proxecto (EFICIENCIA).
- ✓ Avaliar o grao de consecución dos obxectivos (EFICACIA).
- ✓ Avaliar os efectos globais da intervención (IMPACTO).
- ✓ Avaliar a sustentabilidade futura da intervención (VIABILIDADE).
- ✓ Avaliar o papel asignado ás persoas beneficiarias (PARTICIPACIÓN).

## CARACTERÍSTICAS PRINCIPAIS DA ANÁLISE

### ENFOQUE

Trátase de unha avaliación sumativa ex-post mixta, que responde ao análise de pertinencia, eficiencia, eficacia, impacto e viabilidade, ademais da participación, incluíndo un modelo sistémico que debuxa pinceladas a teoría de cambio desenvolvida para acadar os resultados conseguidos.

### VARIABLES DE ANÁLISE

#### Pertinencia

A avaliación da pertinencia consiste en valorar a adecuación dos resultados e os obxectivos da intervención ao contexto no que se realiza. Coa súa análise estúdase a calidade do diagnóstico que sustenta a intervención, xulgando a súa correspondencia coas necesidades observadas na poboación beneficiaria.

#### Eficacia

A avaliación da eficacia da axuda ao desenvolvemento trata de medir e valorar o grao de consecución dos obxectivos inicialmente previstos, é dicir, persegue xulgar a intervención en función da súa orientación a resultados.

#### Eficiencia

A análise da eficiencia dos proxectos e accións de cooperación ao desenvolvemento fai referencia ao estudo e valoración dos resultados alcanzados en comparación cos recursos empregados.

#### Viabilidade

O axuízamento da viabilidade céntrase na valoración da continuidade no tempo dos efectos positivos xerados coa intervención unha vez retirada a axuda. No ámbito da cooperación este

concepto está moi ligado á potenciación dos factores chave de desenvolvemento, e dicir, á apropiación do proceso por parte da poboación beneficiaria.



10

### Impacto

A avaliación do impacto trata de identificar os efectos xerados pola intervención, positivos ou negativos, esperados ou non, directos e indirectos, colaterais e inducidos. A análise dos impactos céntrase na determinación dos efectos netos atribuíbles á actuación.

### Participación

A análise da participación céntrase na determinación dos axentes que foron implicados nas diferentes etapas da planificación e a avaliación.

## METODOLOXÍA

A metodoloxía da avaliación está baseada en técnicas cualitativas e cuantitativas, coa intención de afondar dunha maneira máis substancial na pertinencia das accións, na súa eficacia e no seu impacto.

As **técnicas cuantitativas** aplicadas son:

- Cuestionario: 4 cuestionarios administrados nos que participaron os seguintes colectivos:
  - 24 das 92 persoas participantes no VI Encontro de O Globo.
  - 5 persoas do profesorado das 8 persoas que realizaron microexperiencias co alumnado.
  - 13 persoas das 15 persoas que participaron na formación homologada pola Consellería de Cultura, Educación e Universidade a través do CAFI.
  - 11 persoas das 23 que participaron na formación que participaron na enquisa de formación a colectivos "Activismos e participación social" facilitada por Haydeé Castillo.

As **técnicas cualitativas** aplicadas son:



11

- Análise documental:

Os documentos a analizar serán como mínimo os seguintes:

- ✓ Proxecto aprobado (técnico e económico).
- ✓ Orzamento final executado.
- ✓ Cronograma final executado.
- ✓ Informe final presentado.
- ✓ FFVV do informe.
- ✓ Anexos de actividades.

## VARIABLES DE ANÁLISE

As variables a analizar, coas súas correspondentes preguntas e o análise das mesmas, son as seguintes:

**PERTINENCIA**

*Preguntas referidas á adecuación da intervención ao contexto*

O GLOBO COMO ESCOLA DE PARTICIPACIÓN: Análise da pertinencia das formacións con respecto as persoas participantes: Foron acaídas as formacións as necesidades das persoas participantes?

Con respecto á formación do profesorado desenvolvida a través da Consellería de Cultura, Educación e Universidade (CAFI), os resultados de adecuación da intervención á poboación participante, as 13 persoas participantes na enquisa (das 15 que participaron na formación) valoran os seguintes ítems, da seguinte maneira (tendo en conta que 0 é a puntuación menor e 10 e a puntuación maior)

Ítem a valorar	Porcentaxe de puntuación que valora 9 ou 10
Formación (en global)	100%
Contidos abordados	92,30%
Metodoloxía empregada	100%
Xestión dos tempos	92,30%
Equipo formador	100%
<b>MEDIA GLOBAL</b>	<b>96,92%</b>

O **100%** das persoas participantes na enquisa consideran que a formación lles aportou coñecementos, habilidades, ferramentas ou recursos que lles serven para aplicar nas súas aulas ou colectivos cos que traballan. Destacan os seguintes comentarios:

- “Penso que é moi motivador e da unha visión integral da participación que é moi enriquecedora”.
- “É contido enfocado e adaptado ás aulas”.
- “A metodoloxía luces cámara acción permite sistematizar o proceso”.

- “... me fixo reflexionar sobre proxectos xa en marcha no meu centro educativo”.

O que **máis lles gustou** ás persoas participantes foi:

- A metodoloxía participativa: dinámicas concretas e forma lúdica da sesión, boa dinamización e ritmo fluído, persoas facilitadoras “cercanas”. “A metodoloxía participativa. Permite a interiorización reflexiva no mesmo momento no que sucede a actividade polo que resulta inspiradora”.

Como **propostas de mellora**, comentan:

- Con respecto aos tempos: a escaseza de tempo para comer para o que propoñen un xantar colectivo.
- Con respecto aos contidos: mellorar a explicación da dinámica do DAFO; e colocar os post-it nun panel de exposición vertical para facilitar a visualización. Unha dinámica de presentación máis activa.

A segunda formación para colectivos e persoas interesadas en participación, que leva por nome “Activismo e participación social”, foi valorada da seguinte maneira por 11 das 23 persoas que participaron (tendo en conta que 1 é moi mal e 5 é moi ben):

Ítem a valorar	Porcentaxe de puntuación que valora 4 ou 5
Datas	100%
Horarios	100%
Lugar	100%
Formadora	100%
Contidos desenvolvidos	90,90%
Metodoloxía empregada	100%
<b>MEDIA GLOBAL</b>	<b>98,48%</b>

O **90,90% (10 de 11)** das persoas participantes na enquisa consideran que a formación **contribuíu a mellorar as súas capacidades para exercer un liderado transformados**. Destacan os seguintes comentarios sobre como a formadora presentou dende a participación e as realidades das persoas asistentes os conceptos a traballar e como introduciu o tema das

emocións das persoas á hora de facilitar, tanto dende o rol de participante, coma dende o rol de persoas facilitadora.

14

O 100% das persoas que responden a esta pregunta (8 persoas) consideran importante que esta formación chegue a outras persoas.

#### EFICACIA

*Preguntas referidas ao grao de consecución dos obxectivos*

Alcanzáronse os indicadores dos Resultados previstos na intervención?

Alcanzáronse os indicadores do Obxectivo Específico da intervención?

Lográronse outros efectos non previstos polo proxecto?

A continuación expóñense os indicadores do Obxectivo Específico e dos Resultados e a situación dos mesmos ao final do proxecto, tendo en conta que **os efecto non previsto** por parte do proxecto foron **os seguintes**:

- Realización dun **Mini – Encontro de O Globo** en Pontevedra o día 17 de xuño de 2024, no que participaron 23 nenos e nenas (de entre 3 e 6 anos de idade) do CRA María Zambrano, 4 profesoras e o persoal de SIG e no que presentaron a súa microexperiencia, ademais de desenvolver outras actividades durante a xornada.

## SITUACIÓN FINAL DOS INDICADORES

	INDICADORES INICIAIS	SITUACIÓN AVALIACIÓN
<b>OBXECTIVO ESPECÍFICO</b>	Executadas a lo menos o 90% das actividades do proxecto	<b>100% das actividades do proxecto executadas</b> , salvo 1 reunión do Prisma e outra reunión do Prisma que estaba prevista para finais do ano 2024 + <b>1 Mini-Encontro de O Globo realizado + 2 centro educativos son apoiados nunhas xornadas nas que realizou o “Xogo Millonario”</b> .
	A lo menos 15 colectivos xuvenís implicados no proxecto	<b>A lo menos 21 colectivos sociais implicados no proxecto</b>
	A lo menos 10 centros educativos participan no proxecto a través do seu profesorado	8 centros educativos participan no proxecto a través do seu profesorado + 2 centros educativos diferentes participan no VI Encontro de O Globo coas súas microexperiencias + 2 centro diferentes participan no proxecto a través da apoio no “Xogo Millonario”.  <b>Total de centros educativos participantes no proxecto: 12 (10 propiamente ditos + 2 apoios)</b>
	A lo menos 25 persoas formadas en contidos de activismos, participación, DD.HH., ODS.	18 persoas participan na primeira formación en contido de activismos, participación, DD.HH. e ODS. 23 persoas participan na segunda formación en contido de activismos, participación, DD.HH. e ODS.  <b>41 persoas participan nas formacións en contidos de activismos, participación, DD.HH. e ODS (estes datos foron obtidos contando ás persoas que participaron en cada actividade. É posible que algunha persoa estea repetida ao participar en máis de algunha actividade)</b>
	A lo menos 60% das participantes no proxecto son mulleres	120 mulleres 36 homes (total de 156 persoas, sen contar ás persoas dos colectivos que participaron nas microexperiencias) sendo <b>o 76,92% mulleres (estes datos foron obtidos contando ás persoas que participaron en cada actividade. É posible que algunha persoa estea repetida ao participar en máis de algunha actividade)</b>  <b>323 alumnas 60 alumnos (total: 383 persoas) sendo o 84,33% mulleres</b>
	A lo menos o 75% dos/as persoas participantes do proxecto identifican O Globo como ferramenta de participación	<b>O GLOBO COMO ESCOLA DE PARTICIPACIÓN</b>  <b>O 90,90% (10 de 11) das persoas participantes na enquisa de formación a colectivos “Activismo e participación” consideran que a formación contribuíu a mellorar as súas capacidades para exercer un liderado transformados.</b>



	<p><b>O 100% das persoas participantes na enquisa de formación ao profesorado</b> consideran que a formación lles aportou coñecementos, habilidades, ferramentas ou recursos que lles serven para aplicar nas súas aulas ou colectivos cos que traballan.</p> <p><b>O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN</b></p> <p><b>O 95,80% (23 de 24 persoas) que enchen a enquisa de avaliación do VI Encontro de O Globo</b> identifican O Globo como unha ferramenta de participación social.</p>
A lo menos 20 microexperiencias de transformacións social recollidas na web	<b>17 microexperiencias de transformación social recollidas na web.</b>
A lo menos 30 persoas utilizan O Globo como ferramenta de participación	<b>A lo menos 92 persoas utilizan O Globo como ferramenta de participación.</b>
Avaliación realizada do proxecto	<b>Avaliación do proxecto realizada</b>

INDICADORES INICIAIS	SITUACIÓN AVALIACIÓN
<p>A lo menos visibilizadas 20 micro-experiencias de transformación social</p> <p>O 60% das persoas promotoras das microexperiencias melloran os atributos da cidadanía global a través da metodoloxía de O Globo</p>	<p><b>17 micro-experiencias de transformación social visibilizadas</b> na web de O GLOBO</p> <p><b>O 95,80% (23 de 24 persoas) que enchen a enquisa de avaliación do VI Encontro de O Globo</b> consideran que o VI Encontro de O Globo facilita aprendizaxe sobre Participación Social.</p> <p><b>O 100% do profesorado participante na enquisa sobre as microexperiencias realizadas (5 de 8 persoas),</b> consideran o seu alumnado mellorou os seus coñecementos sobre a temática abordada (entre 3 y 6 puntos nun rango de 3 a 10); e que o seu nivel de sensibilización coa temática abordada na microexperiencia incremento entre 1 e 6 puntos (nun rango de 3 a 10).</p> <p><b>Ademais, consideran que o seu alumnado puido ter algunha mellora nas seguintes competencias co traballo realizado no marco de O Globo:</b></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- O 80% do profesorado considera que o seu alumnado mellorou en competencia en comunicación lingüística.</li> <li>- O 20% en competencia dixital.</li> <li>- O 60% en competencia emprendedora.</li> <li>- O 60% en competencia plurilingüe.</li> <li>- O 100% en competencia persoal, social e aprender a aprender.</li> <li>- O 80% en competencia en conciencia e expresión culturais.</li> <li>- O 40% en competencia matemática e en ciencia, tecnoloxía e enxería.</li> <li>- O 80% en competencia cidadá.</li> </ul>

RESULTADO 1

A totalidade das microexperiencias de transformación social teñen vínculos cos ODS (e así aparece recollido na web).	<b>100% das microexperiencias de transformación social teñen vínculos cos ODS (e así aparece recollido na web con 16 delas. Só nunha non aparece a súa referencia aos ODS).</b>
--	---

RESULTADO 2	INDICADORES INICIAIS	SITUACIÓN AVALIACIÓN
	Realizado 1 curso de formación homologado pola Consellería de Educación con unha duración de 20 horas.	<b>Realizado 1 curso de formación homologado pola Consellería de Educación cunha duración de 20 horas (a través do CAFI).</b>
	A lo menos 11 profesores/as completan á formación	<b>11 profesoras/es de infantil, secundaria e formación profesional + 4 persoas de outras disciplinas asisten á formación do CAFI. Destas 15 persoas, 15 obteñen o certificado do curso.</b>
	A lo menos o 60% do profesorado traballa co seu alumnado baixo a metodoloxía de luces-cámara-acción.	De un total de 19 profesoras/es, 8 realizan micro-experiencias+ 4 profesora/es que non visibilizan a micro-experiencia, pero que si traballa nela co seu alumnado.  <b>Total: 63,15% do profesorado traballa co seu alumnado baixo a metodoloxía de luces-cámara-acción.</b>
	11 profesores/as galegos/as afirman adquirir novos coñecementos para fomentar a participación social con enfoque de ECG nas aulas ao finalizar o proceso formativo	<b>13 persoas do profesorado participantes na enquisa consideran que a formación lles aportou coñecementos, habilidades, ferramentas ou recursos que lles serven para aplicar nas súas aulas ou colectivos cos que traballan.</b>
	A lo menos 7 microexperiencias de transformación realizadas polo profesorado co seu alumnado no marco do curso	<b>4 microexperiencia realizadas polo profesorado co seu alumnado no marco do curso e visibilizadas + 2 microexperiencia realizada polo profesorado de edicións anteriores do curso e visibilizada.</b>  <b>TOTAL 6 MICROEXPERIENCIAS REALIZADAS POLO PROFESORADO E VISIBILIZADAS NA WEB</b>
	Realizadas unha proposta formativa orientada a colectivos sociais e persoas interesadas sobre contidos teóricos e prácticos da participación	<b>Realizada unha proposta formativa, orientada a colectivos sociais e persoas interesadas, sobre contidos teóricos e prácticos da participación, composta por 2 módulos independentes e complementarios.</b>
	O 80% das persoas asistentes, confirman ter adquiridos máis coñecementos e habilidades para exercer unha participación máis comprometida con perspectiva de ECG unha vez realizado o itinerario formativo	<b>O 90,90% das persoas participantes na enquisa (10 de 11) consideran que a formación sobre “Activismos e participación social” contribuíu a mellorar as súas capacidades para exercer un liderado transformados.</b>
	O 75% das facilitadoras das formacións son mulleres	<b>75% das facilitadoras das formacións son mulleres na formación aos colectivos (4 persoas facilitadoras: 3 mulleres e 1 home).</b>

A lo menos incorporado na web 5 estudos/ferramentas relevantes sobre a Axenda 2023, DD.HH e participación	<b>5 estudos ou documentos relevantes sobre a Axenda 2023 e os DD.HH. incorporados á web de O GLOBO</b>
---	---

	INDICADORES INICIAIS	SITUACIÓN AVALIACIÓN
<b>RESULTADO 3</b>	VI Encontro de O Globo celebrado	<b>VI Encontro de O GLOBO celebrado no Castelo de Santa Cruz (Oleiros) + Mini-Encontro de O Globo en Pontevedra.</b>
	12 colectivos participan no VI Encontro de O Globo	<b>21 colectivos participan no VI Encontro de O Globo.</b>
	5 centros educativos participan no VI Encontro de O Globo	5 centros educativos participan no VI Encontro de O Globo + 1 universidade (UDC)  <b>TOTAL: 6 centros educativos universitarios e non universitarios.</b>
	20 persoas participan por vez primeira nun Encontro de O Globo	<b>Máis de 20 persoas participan por vez primeira nun Encontro de O Globo.</b>
	Polo menos, 1 representación do Sur Global participará como representante dalgunha microexperiencia durante o VI Encontro de O Globo	<b>3 representación do Sur Global participan no VI Encontro de O Globo.</b>
	Máis de 50 persoas participan no VI Encontro de O Globo	<b>92 persoas participan no VI Encontro de O Globo.</b>
	70% das persoas participantes indican mediante unha enquisa cuberta ao finalizar o Encontro que o espazo habilitado favoreceu a adquisición de aprendizaxes para a participación social	<b>95,83 % das persoas enquisa indican ao finalizar o VI Encontro de o Globo que o espazo habilitado favoreceu a adquisición de aprendizaxes sobre participación social (23 de 24 persoas enquisadas).</b>
	O 60% das persoas asistentes ao VI Encontro de O Globo son mulleres	<b>74,02 % das persoas asistentes ao VI Encontro de O Globo son mulleres (57 de 77 persoas).</b>

	INDICADORES INICIAIS	SITUACIÓN AVALIACIÓN
<b>RESULTADO 4</b>	A web do Globo conta con contidos actualizados bimensualmente	<b>A web do Globo conta con contidos actualizados case bimensualmente.</b>
	A lo menos 10 noticias de actualidade publicadas no Caderno de O Globo	<b>10 noticias de actualidade publicadas no Caderno de O Globo.</b>
	Aumentada a periodicidade de publicacións en Facebook a 1 post por semana	<b>Aumentada a periodicidade de publicacións en Facebook a 1 post por semana + 1 story por semana</b>
	A web de O Globo incorpora, a lo menos, 20 microexperiencias de transformación nesta edición	<b>A web de O Globo incorpora 17 microexperiencias de transformación nesta edicións.</b>
	Dinamizadas as RR.SS baixo a marca O Globo e seguindo o establecido no Plan de Comunicación de O Globo	<b>Dinamizadas as RR.SS baixo a marca O Globo e seguindo o establecido no Plan de Comunicación de O Globo</b>
	Incrementado nun 30% o número de seguidores/as en Instagram, un 15% en Facebook e un 50% as visitas á páxina web	<b>Incrementado nun 29,72% o número de seguidores/as en Instagram, un 7,07% en Facebook e un 0% as visitas á páxina web.</b>
	A lo menos 5 impactos en medios tradicionais	<b>5 impactos en medios tradicionais dixitais + 1 impacto en medios tradicionais en papel</b>
	A lo menos difundida a experiencia de O Globo en 2 entornos pedagóxicos	<b>Difundida a experiencia de O Globo en 2 entornos pedagóxicos.</b>

Visibilizado O Globo a través do rexistro do CENIT. Mapa de experiencias de ECG	Visibilizado O Globo a través do rexistro dalgunhas microexperiencias no CENIT. Mapa de experiencias de ECG.
---	--

	INDICADORES INICIAIS	SITUACIÓN AVALIACIÓN
<b>RESULTADO 5</b>	A lo menos 3 reunións de todas as persoas da equipa técnica e das persoas voluntarias implicadas na visibilización de microexperiencias	<b>A lo menos 3 reunións de equipa formais contando coa Cooperativa Cidadanía.</b>
	A lo menos 2 reunións do Prisma realizadas	<b>1 reunión do Prisma planificada para a última semana do ano 2024.</b>
	O informe de avaliación realizado publícase, difúndese e está accesible nas canles de comunicación de O Globo e de SIG Galicia	<b>Informe de avaliación realizado, pendente de publicación, difusión e accesibilidade nas canles de comunicación de O Globo e de SIG Galicia.</b>
	A licenzia dos documentos de diagnóstico e avaliación do proxecto fomenta a liberdade de uso, copia, estudo, modificación e redistribucións das persoas usuarias dos mesmos	<b>A licenzia dos documentos de diagnóstico e avaliación do proxecto fomenta a liberdade de uso, copia, estudo, modificación e redistribucións das persoas usuarias dos mesmos a través da introdución na web da seguinte mensaxe: “<i>Símbolos de licenza copy left ou dominio público incluído nos documentos publicados no marco do proxecto</i>”.</b>

## EFICIENCIA

*Preguntas referidas á asignación óptima dos recursos do proxecto*

Respectouse o orzamento determinado inicialmente para o proxecto?

Respectáronse os cronogramas e tempos previstos para a execución do proxecto?

Respecto do **orzamento**, existen cambios de partidas dalgúns conceptos a outros: axudas de custos, gasto de desprazamento e remuneracións; persoal (ambas sufriron un incremento); actividades de Educación para o Desenvolvemento (que sufriu un minora), resultando un incremento do "Total de custos directos ou custos de execución" e unha minora nos "Custe indirectos.

Aínda así, o total imputado á Xunta (34.809,01 €) e o total imputado á entidade solicitante (9.650,92 €) mantívose sen variación, dando lugar a un **investimento total de 44.459,93 €, tal e coma se planificou á hora de pedir a subvención á Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea.**

En relación ao **cronograma** e tempos previstos, no informe final faise referencia ao aprazamento dos dous módulos da proposta formativa orientada a colectivos que sufriron un leve cambio e as reunións do Prisma (unha das decisións que se tomou nunha das reunións celebradas ao longo do proxecto foi a renovación deste órgano consultivo e considerouse que un cambio nas persoas que o integran sería positivo. Realizouse unha reunión a finais de ano fóra do tempo do proxecto).

Revisando o cronograma deste informe, existen erros na exposición do cronograma final, xa que o proxecto rematouse en Novembro do 2024. Segundo o resto do informe, todas as actividades foron realizadas entre Agosto de 2023 e Novembro do 2024, salvo a reunión do Prisma que foi adiada ata finais do ano 2024. Considérase un erro á hora de encher o documento, xa que, aparecen ampliadas ata Decembro do 2024.

**Todas as actividades foron realizadas no período de duración inicialmente planificado do proxecto (Agosto 2023 – Novembro 2024), salvo a reunión do Prisma (Decembro 2024), tal e como aparece reflectido no apartado de desenvolvemento de actividades do informe.**

21

## IMPACTO

*Preguntas referidas aos efectos globais e particulares da intervención*


Contribuíu a intervención (PROCESOS) a alcanzar os resultados propostos (CAMBIOS INTERMEDIOS)?

Contribuíu a intervención (CAMBIOS INTERMEDIOS) a alcanzar o obxectivo específico proposto (CAMBIO ESPERADO)?

Producíronse impactos positivos esperados na poboación e institucións participantes do proxecto (IMPACTOS INTERMEDIOS e IMPACTOS FINAIS)?


Producíronse impactos (positivos ou negativos) non esperados na poboación e institucións participantes do proxecto?

MODELO SISTÉMICO INICIAL






MODELO SISTÉMICO FINAL (IMPACTOS CONSEGUIDOS)





ENXUIZAMENTO



## VIABILIDADE e SOSTENIBILIDADE

*Preguntas referidas á sostenibilidade futura da intervención*

Xeráronse recursos humanos, técnicos e económicos necesarios para unha acción continuada da intervención?

Mantivéronse os beneficios da intervención unha vez retirada a axuda externa?

"O GLOBO. Observatorio, escola e espazo de participación" obtivo financiación da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE na convocatoria de subvención de Educación para o Desenvolvemento e para a Cidadanía Global do ano 2024 da Xunta de Galicia, polo que existen recursos técnicos e económicos, ademais de persoal, para continuar coa intervención.

Se tomamos como punto de partida **O GLOBO COMO OBSERVATORIO DE PARTICIPACIÓN**, o espazo web sigue mostrando as micro-experiencia, estudos e ferramentas de participación unha vez rematada a intervención do 2023.

Se tomamos como punto de partida **O GLOBO COMO ESCOLA DE PARTICIPACIÓN**, os coñecementos, habilidades/destrezas e as actitudes que foron adquiridas pola persoas que pasaron polas formacións, pertencen xa a esas persoas, e poden aplicalas ao longo da súa traxectoria persoal e profesional.

Se tomamos como referencia de partida **O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN**, a rede creada polas persoas nos diferentes espazos de participación xerados (VI Encontro), pode ser mantida unha vez remata a intervención do 2023-2024, en función dos intereses das persoas participantes, chegando a ter vida propia

## PARTICIPACIÓN

*Preguntas referidas ao papel asignado ás persoas beneficiarias*

O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN: En que medida os mecanismos de xestión articulados contribuíron a alcanzar bos resultados con respecto ao VI ENCONTRO de O GLOBO?

O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN: Logrouse mediante a intervención a promoción de sinerxías entre os principais actores do proxecto (colectivos, entidades e centros educativos universitarios e non universitarios) no VI ENCONTRO de O GLOBO?

Centrando a atención no **O GLOBO COMO OBSERVATORIO**, foron microexperiencias en total de colectivos e persoas interesadas en participación recompiladas na web. Que puideron realizarse grazas á formación (**O GLOBO COMO ESCOLA DE PARTICIPACIÓN**) na cal 18 persoas de diversos colectivos e entidades puideron coñecer en profundidade O Globo, a súa metodoloxía, e a forma na que se estruturan e redactan as microexperiencias de transformación social.

Ademais, a través do achegamento aos centros (**O GLOBO COMO ESCOLA DE PARTICIPACIÓN**) para a promoción de microexperiencias de transformación social conseguiuase a participación foi de 6 centros a través da realización das súas microexperiencias de transformación social. (6 das 6 recollidas na web – **O GLOBO COMO OBSERVATORIO DE PARTICIPACIÓN**).

Todos estes procesos, deron lugar, e culminaron, na presentación presencial do VI Encontro de O Globo (**O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN**) onde participaron 21 colectivos sociais e persoas interesadas en participación e 5 centros educativos de primaria, secundario e Universidade (92 persoas en total).

Segundo as testemuñas recollidas sobre o VI Encontro de O GLOBO, este serve para crear rede ente as persoas participantes e colectivos participantes.

Exemplo disto son os seguintes comentarios:

- Á pregunta: “Que che pareceu o VI Encontro de O Globo?”, destácanse as seguintes respostas:
  - o Unha oportunidade de encontro e aprendizaxe entrañable e transformadora.
  - o Un espazo moi interesante para conectar con persoas que están facendo iniciativas moi interesantes.
  - o Estes encontros sempre me pareceron ferramentas super ponentes para a colaboración entre entidades.
  
- Á pregunta: “Que é o que máis valoras do VI Encontro de O Globo?”, destácanse as seguintes respostas:
  - o Ter a oportunidade de facer novos contactos e coñecer outras experiencias.
  - o A posibilidades de coñecer iniciativas maravilosas.
  - o A conexión que se crea entre os participantes e coñecer realidades distintas.
  - o **A posibilidade de coñecer e encontrar a entidades socias.**
  - o Coñecer proxectos interesantes e compartir con xente interesantísima.
  - o Poder conectar e compartir coñecementos, á vez que aprendemos de todas as persoas.
  - o A asistencia ao Encontro permítenos compartir coñecementos, amosar diferentes iniciativas e nutrirnos de ilusión e motivación.
  - o As experiencias dos distintos colectivos e o coñecer outros proxectos e outras persoas.

Como conclusión: a combinación do Resultado 1: **O GLOBO COMO OBSERVATORIO**, baseadas en Promocionar e visibilizar microexperiencias de transformación social en centros escolares (Itinerario 1) e en colectivos sociais (Itinerario 2); **sumado** ao Resultado 2: **O GLOBO COMO ESCOLA DE PARTICIPACIÓN**: que contempla ás formacións para profesorado e para colectivos e persoas interesadas na participación; **da lugar** o Resultado 3: **O GLOBO COMO ESPAZO DE PARTICIPACIÓN: VI Encontro de O GLOBO**.

## CONCLUSIÓNS – RECOMENDACIÓNS

En relación á **pertinencia**:

- Das 15 participantes na formación do CAFI, 13 contestaron a enquisa de avaliación. Estas valoran á pertinencia desta formación cunha media global de 96,92%.
- Das 23 persoas que participaron na formación “Activismo e participación social” facilitada por Haydeé Castillo, 11 responderon á enquisa de avaliación. Valoran a formación de forma global con entre un 4 e un 5 (nota máxima) un 98,48%. Nesta formación destaca, segundo a enquisa, como a formadora presentou dende a participación e as realidades das persoas asistentes os conceptos a traballar, así como o tema da inclusión das emocións no proceso facilitador e facilitado.

**Considérase que a pertinencia é MOI ALTA, xa que ambas formacións están moi ben valoradas.** É un feito que cada ano se mellora a formación de profesorado, obtendo cada vez maior satisfacción por parte das persoas participantes. O que tamén pasa coas formacións de Haydeé Castillo, destacando que esta última (“Activismo e participación social”) é a mellor valorada de todas as formacións impartidas en O GLOBO COMO ESPAZO DE FORMACIÓN, polo que se recomenda intentar repetir esta formación en futuras edicións, respectando sobre todo a metodoloxía emprega (metodoloxía participativa partindo das experiencias das persoas participantes – todo un exemplo de como facilitar a participación e participar os contidos).

Con respecto á **eficacia**, os indicadores están cuantitativamente e cualitativamente cumpridos na súa maioría, salvo excepcións, e é importantes subliñar que algúns deles sobrepasaron cuantitativamente o esperado (é dicir, o formulado no proxecto). Isto, da como resultado, unha valoración da **eficacia ALTA** e un **impacto conseguido é POSITIVO E ALTO**, aínda que nesta ocasión para a valoración global, en contraposición con ano anteriores, **tívose en conta o cumprimento dos indicadores dos Resultados para facer a media do impacto, que podería chegar a valorarse como MOI ALTO, se temos en conta os indicadores exclusivamente do Obxectivo Específico.** Ademais do efecto non previsto da realización do Mini- Encontro de O Globo.

Con respecto ao cumprimento dos indicadores, segue a ser importante o número de microexperiencias visibilizadas na web con respecto dos centros educativos, que segue a ser un pouco menor do esperado, pero mellorando con respecto a anos anteriores.

Outra cousa importante e a mellorar, son as reunións do Prisma. Pola traxectoria de reunións desenvolvidas nos últimos anos e a dificultade de xuntar a tantas persoas de diferentes ámbitos, recoméndase que se reduza a unha reunión anual a finais de ano, onde se poda tratar os resultados do proxecto case rematado e planificar as accións do recentemente empezado.

A **eficiencia valórase como ALTA**, xa que existiron cambios de partidas (que non impactaron no investimento total do proxecto) e cambios nalgũa das datas das actividades. É importante sinalar que todas as actividades foron realizadas no período de duración inicialmente planificado do proxecto (Agosto 2023 – Novembro 2024), salvo a reunión do Prisma (Decembro 2024), tal e como aparece reflectido no apartado de desenvolvemento de actividades do informe e considérase un erro á hora de encher o documento, xa que, aparecen ampliadas ata Decembro do 2024.

No tocante á **viabilidade e sostenibilidade, considérase ALTA**, xa que existen fondos para continuar co proxecto no ano 2024-2025, aínda que existe esa dependencia externa dos fondos. Os tres espazos de O GLOBO (observatorio, escola e espazo de participación) están deseñados para que as accións que se leven a cabo nun ano en concreto teñan permanencia no tempo, ben sexa por existir un espazo físico que as visibilice (caso do observatorio e a súa web), ben polo seu carácter formativo e polo tanto de capacitación das persoas (caso da escola de a participación), ou ben polo súa característica de facer rede e dar a coñecer presencialmente diferentes experiencias de participación, o que ten por resultado un impacto na vida das persoas que viven a experiencia dos Encontros (caso do espazo de participación).

Para rematar, é tal e como se sinala no apartado de **participación**, esta é **MOI ALTA**. Trátase dun proxecto sobre participación, que fomenta a participación, se basea na participación e é participado.

## BIBLIOGRAFÍA

Arredondo, M.; Ruiz, A.; Sanz, B.; Sanz, J.C.; Vélez, C. y Vélez, J.M. (2007). *Manual de Gestión de Evaluaciones de la Cooperación Española*. Ministerio de Asunto Exteriores y de Cooperación

Celorio, Gema; López de Munain, Alicia e outras (2021). *Educación para la Transformación Social. Educar en la incertidumbre liberadora*. Comunicaciones V Congreso Educación para el Desarrollo (18, 19 e 20 de noviembre de 2021). Vitoria-Gasteiz: Universidad del País Vasco e Hegoa.

Ligero Lasa, Juan Andrés (2017). Tres métodos de evaluacions de programas y servicios. Jucios finales sumativos, teoría del cambio y evaluación orientada a los actores implicados. Madrid: Means Evaluation.

Ligero Lasa, Juan Andrés; Porta Lledo, Alma; Muñoz Muñoz, Nuria e Bustelo Ruesta, María (2019). Rayuela un ejercicio de reflexión y comprobación para hacer una evaluación consciente. Madrid: Means Evaluation.

Redinfor Perú (2017). Material e bibliografía complementaria do curso virtual: *Diseño metodológico de Líneas de Base*. Redinfor Servicios para el Desarrollo.